

Boletín Informativo da Asociación de Veciños "Río Lambre" de Ponte do Porco

Boletín N. 6 - Marzo 2011

Contidos

**Proxecto piloto da deputación
O concello renuncia á subvención para o noso
parque
Solicitude de inclusión na rede Natura**



Este mes de marzo saíu á rúa o número 6 do noso boletín. Recordámosvos que este boletín non ten unha regularidade establecida e sae á rúa cando as circunstancias solicítano.

Neste caso cremos importante informar do proxecto que a Deputación leva a cabo no noso concello e outras noticias de diversos proxectos que nos afectan.

Tamén pode descargar o boletín en formato pdf no enlace inferior e leelo tranquilamente onde millor lle apeteza.

[Descargar o boletín N.6](#)

Se quere colaborar na conservación do medio ambiente pode axudar lendo as noticias da nosa Asociación nesta páxina web ou enviando un correo electrónico a abarcenilla@gmail.com e a partir dese instante enviaremoslle toda a información da Asociación a través do seu correo electrónico.

Boletín Informativo da Asociación de Veciños "Río Lambre" de Ponte do Porco
Boletín N.6 – Marzo 2011

Proxecto piloto da deputación

Parnet-tic é un proxecto destinado ao fomento da sociedade da información nos territorios rurais por medio da e-administración e a e-participación. Neste proxecto participa a diputación da Coruña como xestor do mesmo e os concellos de Miño, As Pontes de García Rodríguez e Melide nos que se levarán a cabo as diferentes actividades tanto formativas coma de implantación de varias aplicacións.

En primeiro lugar, realizaranse unhas **xornadas formativas** sobre o funcionamento básico dos ordenadores, o a utilización do software e internet, dirixidas á cidadanía, empresas e funcionarios e organizaranse charlas e xornadas sobre temas relacionados coas novas tecnoloxías para difundir as mesmas en todos os ámbitos, fomentando ademais o seu uso responsable.

En segundo lugar poranse en funcionamento **varias aplicacións** que farán máis fácil a comunicación entre os cidadáns e o concello. Por exemplo, unha das aplicacións permitirá indicar sobre un mapa a localización dunha incidencia no concello, o que facilitará a comunicación da mesma aos responsables de subsanala.

Si tedes interés en acudir a algún dos cursos que se realicen non tedes máis que poñeros en contacto con nós. De todas as maneiras cando se programen os cursos definitivamente volo comunicaremos.

Máis información en

www.parnettic.eu

Aula informática – A Rúa s/n

De luns a venres de 10:00 13:00

mino@parnettic.eu

O concello renuncia á subvención para o noso parque

O noso concello renunciou a unha subvención de 40.000 euros para arranxar o parque de Ponte do Porco, así que seguiremos cun parque sen acondicionar totalmente. Segundo nos comentan fontes do concello débese a que están negociando que se lles conceda a axuda completa, que é duns 90.000 euros.

Tedes o documento da renuncia na nosa páxina web.

Solicitud de inclusión na rede Natura

Fai uns días presentouse unha iniciativa no parlamento galego sobre as marismas. Nesta iniciativa solicítase a inclusión das marismas do Lambre e do Baxoi na rede Natura, e que dita protección sexa recollida no plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do noso concello que se está a redactar neste intre, de xeito que se limiten para sempre actuacións como a instalación da EDAR en Ponte Baxoi e outros proxectos que poidan facer dano ás nosas marismas.

Tedes mais información sobre a rede Natura en internet escribindo

<http://www.mma.es/portal/secciones/biodiversidad/rednatura2000/>

Se quere colaborar na conservación do medio ambiente pode axudar lendo as noticias da nosa Asociación na páxina web www.riolambre.es ou enviando un correo electrónico a abarcenilla@gmail.com e a partir dese instante enviámoslle toda a información da Asociación a través do seu correo electrónico.